

## MANIFESTO 8M (RUIGEU)

“Dereitos. Xustiza. Acción. Para TODAS as mulleres e nenas”

Con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, e seguindo o lema proposto por Nacións Unidas este ano –“Dereitos. Xustiza. Acción. Para TODAS as mulleres e nenas”–, as universidades asinantes reafirmamos o noso compromiso coa igualdade real e efectiva e coa defensa dos dereitos humanos das mulleres e nenas en todo o mundo.

Esta lema lémbra-nos que a igualdade non é un obxectivo abstracto nin un logro consolidado. É unha tarefa permanente que esixe garantías xurídicas, vontade política e acción institucional sostida.

Falar de dereitos é afirmar que as mulleres e nenas deben poder exercer plenamente o seu dereito á educación, á participación, á autonomía económica, á saúde, á seguridade e a unha vida libre de violencia. É recoñecer que sen o exercicio efectivo destes dereitos non existe cidadanía plena nin democracia sólida.

Falar de xustiza é recoñecer que as desigualdades persisten e que non afectan a todas as mulleres por igual. As brechas salariais, a segregación profesional, a precariedade, a sobrecarga de coidados e a violencia de xénero son manifestacións de desigualdade estrutural. A xustiza esixe identificar esas brechas, analizar as súas causas e corrixilas mediante políticas públicas e decisións institucionais responsables.

Falar de acción implica avanzar máis aló dos compromisos formais. Supón implementar plans de igualdade, avaliar o seu impacto, dotalos de recursos e garantir a súa aplicación efectiva. Supón integrar a perspectiva de xénero na educación, a investigación e a xestión. Supón actuar con determinación fronte a calquera forma de discriminación.

Como universidades, asumimos unha responsabilidade específica neste marco global. A nosa misión formativa e científica sitúanos nunha posición chave para promover o pensamento crítico, visibilizar as achegas das mulleres en todos os ámbitos do coñecemento e formar xeracións comprometidas cos dereitos humanos e a igualdade.

Cando dicimos “para TODAS as mulleres e nenas”, reafirmamos un compromiso inclusivo, consciente de que as desigualdades se agravan cando se cruzan con outros factores como a orixe, a discapacidade, a orientación sexual, a identidade de xénero, a idade ou a situación socioeconómica. A igualdade debe ser interseccional e universal.

Neste 8 de marzo renovamos o noso compromiso cos dereitos, coa xustiza e coa acción.

Por todas as mulleres e nenas.

Hoxe e a cotío.